



## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 23 DE ABRIL DE 2026**

### **PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Raúl Varela Fraguio  
D. Manuel Castro Uzal

### **INTERVENTORA ACCIDENTAL:**

D<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz

### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos do día vinte e tres de abril do ano dous mil vinte e seis, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

## **ÚNICO: ADXUDICACIÓN DO “SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DA XVII XUNTANZA DO MAIOR A CELEBRAR NO CONCELLO DE CAMBRE, 2026”. EXPEDIENTE NÚMERO 2025/C004/000014.**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 22 de abril de 2026 (CVD: NwhL5ZoS0qaiUFUGHzxB), que transcrita di:

### **PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente de contratación tramitado para o servizo de Organización e realización da “XVII Xuntanza do Maior” a celebrar no concello de Cambre, 2026 que se divide en dous lotes:

**Lote 1:** Organización do servizo de catering e baile



**Lote 2:** Servizo de transporte para o traslado das persoas participantes

(Exp: 2025/C004/000014)

Visto que, segundo se deriva da lista de licitadores extraída da PLACSP, presentaron proposicións os seguintes:

**Lote 1:** Organización do servizo de catering e baile

- Casa Taboada, S.C.

**Lote 2:** Servizo de transporte para o traslado das persoas participantes:

- Non consta presentada oferta algunha.

Vista a acta do órgano técnico de asistencia de data 13 de marzo de 2026 (CVD: U5Jvctoga7L6TLopzPAV), na que, entre outras cousas, acordouse admitir a proposición presentada por "CASA TABOADA S.C. á licitación de servizo de "Organización e realización da "XVII Xuntanza do Maior" a celebrar no concello de Cambre, 2026", Cambre 2026", para o Lote 1: "Organización do servizo de catering e baile" por presentar debidamente cuberto o modelo de "Declaración responsable", segundo o establecido no anexo II do PCAP".

Visto que na reunión referida no antecedente anterior, o órgano técnico de asistencia, acordou entre outras cousas:

"(...)

**SEGUNDO.-** *Acto de valoración oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159) para o Lote 1 (Servicios para la organización del servicio de catering y baile de la "XVII Xuntanza do Maior) en el procedimiento con número de expediente 2025/C004/000014 para adjudicar el contrato de "Organización y realización de la XVII Xuntanza do Maior, Cambre 2026".*

*De conformidad con los criterios de adjudicación establecidos en la cláusula 12 del PCAP y a la vista de la oferta presentada, se otorga una puntuación total de 100 puntos, correspondientes con el siguiente desglose:*

- Precio: 49 puntos.

- Criterios cualitativos: 51 puntos

- a) Criterios cualitativos de sostenibilidad ambiental: 12,5 puntos.
- b) Capacidad de los envases utilizados: 12,5 puntos.
- c) Criterio de calidad, cubertería y menaje: 26 puntos.



**TERCERO.-** Propuesta adjudicación para o Lote 1 (Servicios para la organización del servicio de catering y baile de la "XVII Xuntanza do Maior) en el procedimiento con número de expediente 2025/C004/000014 para adjudicar el contrato de "Organización y realización de la XVII Xuntanza do Maior, Cambre 2026".

En vista de lo expuesto se ACUERDA:

**Primero.-** Realizar la propuesta de adjudicación a la empresa CASA TABOADA S.C. del contrato de Organización del servicio de catering y baile de la "XVII Xuntanza do Maior", a celebrar en el Ayuntamiento de Cambre, 2026", por ser la única oferta presentada y que cumple con los criterios de valoración establecidos, sin que la oferta se encuentre incurso en ser anormalmente baja.

**Segundo.-** Requerir al licitador y teniendo en cuenta los datos que figuran en el ROLECE para que en el plazo de 7 días hábiles presente a través de la Plataforma de Contratación la documentación correspondiente a las cláusulas 10 y 16 del PCAP.

(...)"

"(...)

**CUARTO.-** Acto de apertura oferta criterios cuantificables automáticamente (art.159) correspondiente a las proposiciones presentadas por los licitadores para o Lote 2 (Servicio de transporte) en el procedimiento con número de expediente 2025/C004/000014 para adjudicar el contrato de "Organización y realización de la XVII Xuntanza do Maior, Cambre 2026".

Según se deriva de la lista de licitadores extraída de la PLACSP, no se ha presentado oferta alguna. En vista de lo expuesto se **ACUERDA:**

**Primero.-** Declarar desierto el Lote 2 por no haberse presentado ninguna oferta, una vez finalizado el plazo oficial de presentación de ofertas.

(...)"

Visto que, con data de 13 de marzo de 2026, don Alejandro José González Carneiro, segundo di, en representación de entidade Casa Taboada Restaurante & Catering, S.L. presentou unha solicitude, co número de rexistro de entrada 202699900001525, no que entre outras cousas, di:

"(...)

En relación coa oferta presentada por CASA TABOADA S.C. para a licitación do expediente anteriormente indicado, comunícase que a devandita entidade modificou a súa forma xurídica, pasando a denominarse CASA TABOADA RESTAURANTE&CATERING S.L., con CIF B70413497, mantendo as actividades inicialmente desenvolvidas e sen que se produza modificación algunha no resto dos datos ou documentación achegada. Esta comunicación realízase para os efectos oportunos dentro do presente procedemento de contratación.

(...)"



Vista que con data de 27 de marzo de 2026, a entidade mercantil Casa Taboada Restaurante & Catering, S.L. presentou a documentación requirida a través da plataforma de contratación do estado.

Visto o informe de solvencia técnica e suficiencia de medios personais e materiais emitido pola coordinadora de servizos sociais, Ana M<sup>a</sup> Monje Barcia, de data 14 de abril de 2026 (CVD: 6NFTAKIELW6hXzYS+90o) no que entre outras cousas di:

“(…)

Vista la documentación presentada conforme a lo establecido en la Cláusula 16.1 del PCAP con fecha 27 de marzo de 2026 y (CVD: RPV4J\_UTEAA\_JBROR\_47708), por la Plataforma de Contratación del Sector Público por la empresa “CASA TABOADA RESTAURANTE & CATERING, S.L”, SE INFORMA QUE:

*Acreditativo de personalidad y capacidad jurídica*

*Presenta correctamente la escritura de constitución y las posteriores modificaciones, así como la escritura de poder del representante de la Empresa.*

*La modificación reciente es la transformación de la empresa de Sociedad Civil (SC) a Sociedad de Responsabilidad limitada (S.L.), rigiéndose por las normas del R.D. Ley 5/2023, de 28 de junio, quedando la nueva denominación social de la empresa en CASA TABOADA RESTAURANTE & CATERING, S.L, según escrituras que adjuntan de fecha 12 de marzo de 2026.*

Se adjunta también declaración responsable del administrador mercantil sobre la transformación societaria y situación registral.

“(…)”.

“(…)”

*A la vista de todo lo anterior, cabe concluir que la entidad propuesta como adjudicataria de la organización y realización de la “Xuntanza do Maior” a celebrar en el Ayuntamiento de Cambre el próximo 26 de abril de 2026 - CASA TABOADA RESTAURANTE & CATERING, S.L.-, acredita su solvencia técnica y económica presentando toda la documentación requerida en las Cláusulas 10 y 16 del PCAP, acreditando el cumplimiento de las obligaciones contenidas en la misma hasta la FECHA FINAL DE PRESENTACIÓN de ofertas y subsistiendo en el momento de la fecha de celebración del evento, el 26 abril 2026.*

“(…)”.

Vista a acta do órgano técnico de asistencia de data 14 de abril de 2026 (CVD: f9J2Nf2n/C1rD9S85YD8), na que, entre outras cousas, di:



“(…)

A la vista de los antecedentes y del informe emitido por la coordinadora de servicios sociales con fecha de 14 de abril de 2026 (CVD: 6NFTAKIELW6hXzYS+90o), el órgano de asistencia manifiesta que la empresa Casa Taboada Restaurante & Catering, S.L. cumple con la solvencia técnica y suficiencia de medios personales y materiales.

(…)”.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral, de data 17 de abril de 2026 (CVD: mp4Xb3yc+GH/+rAtFD6) no que se informa desfavorablemente a adxudicación polos motivos nel expostos.

Visto o **INFORME INTERVENCIÓN REFERENCIA SMH XUNTANZA DO MAIOR 2026-D /2026** de data 20 de abril de 2026 (CVD: HT0dXpFJEpuo99Cq0/Sw) de fiscalización previa da adxudicación do contrato para a “Organización e execución da “XVII Xuntanza do Maior”, de carácter desfavorable con efectos suspensivos emitido pola interventora accidental no que, entre outras cousas, di:

“(…)”

#### **D. RESULTADO DA FISCALIZACIÓN PREVIA (art.219.2 TRLRHL)**

[  ] Fiscalizado **desfavorablemente** sen efectos suspensivos

- **X\*.B:** o informe de secretaría á adxudicación é desfavorable.

[  ] Fiscalizado **desfavorablemente CON efectos suspensivos** por aplicación do artigo **216.2.c TRLFL (omisión de requisitos e trámites esenciais):**

- **X\*.A:** tal e como advertiu no seu informe a interventora interina: “Informe intervención referencia LGS XUNTANZA DO MAIOR 2026”, de data 19.02.2026 (CVD: VhXUXDSRk/yL7mRohMx9), **os reparos emitidos no citado documento, ao non ser solventados, teñen carácter suspensivo na fase de adxudicación do contrato.**

Os **reparos** emitidos **suspenden** a tramitación do expediente ata que, no caso de existir discrepancias, sexa **levantado** pola **alcaldía**, facultade **indelegable**, de acordo co procedemento regulado no artigo **15 do RD 424/2017, do 28 de abril:**

*“1. Sin perjuicio del carácter suspensivo de los reparos en los términos previstos en el texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, las opiniones del órgano interventor respecto al cumplimiento de las normas no prevalecerán sobre las de los órganos de gestión. Los informes emitidos por ambos se tendrán en cuenta en el conocimiento de las discrepancias que se planteen, las cuales serán resueltas definitivamente por el Presidente de la Entidad Local o por el Pleno, de acuerdo con lo previsto en el artículo 217 y en el apartado 2 del artículo 218 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales y en los apartados siguientes de este artículo.*

*2. Cuando el órgano gestor no acepte el reparo formulado por el órgano interventor en el ejercicio de la función interventora planteará al Presidente de la Entidad Local una discrepancia.*

No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, corresponderá al Pleno la resolución de las discrepancias cuando los reparos:

a) Se basen en insuficiencia o inadecuación de crédito.

b) Se refieran a obligaciones o gastos cuya aprobación sea de su competencia.

3. En el plazo de quince días desde la recepción del reparo, las discrepancias se plantearán al Presidente o al Pleno de la Corporación Local, según corresponda, y, en su caso, a través de los Presidentes o máximos responsables de los organismos autónomos locales, y organismos públicos en los que se realice la función interventora, para su inclusión obligatoria, y en un punto independiente, en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

La discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita de los preceptos legales en los que sustente su criterio.

Resuelta la discrepancia se podrá continuar con la tramitación del expediente, dejando constancia, en todo caso, de la adecuación al criterio fijado en la resolución correspondiente o, en su caso, a la motivación para la no aplicación de los criterios establecidos por el órgano de control.

La resolución de la discrepancia por parte del Presidente o el Pleno será indelegable, deberá recaer en el plazo de quince días y tendrá naturaleza ejecutiva.

4. El Presidente de la Entidad Local y el Pleno, a través del citado Presidente, previamente a la resolución de las discrepancias, podrán elevar resolución de las discrepancias al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

A tales efectos, el Presidente remitirá propuesta motivada de resolución de la discrepancia directamente a la Intervención General de la Administración del Estado o al órgano equivalente, en el caso de que la Comunidad Autónoma tenga atribuida la tutela financiera, concretando el extremo o extremos acerca de los que solicita valoración. Junto a la discrepancia deberá remitirse el expediente completo. Cuando el Presidente o el Pleno hagan uso de esta facultad deberán comunicarlo al órgano interventor y demás partes interesadas.

La Intervención General de la Administración del Estado o el órgano equivalente, en el caso de que la Comunidad Autónoma tenga atribuida la tutela financiera, sin perjuicio de su facultad para recabar los informes o dictámenes que sean necesarios a efectos de emitir informe, deberán informar sobre las cuestiones planteadas en el plazo de un mes desde la solicitud por parte del Presidente siempre que se cuente con el expediente completo. Este plazo se interrumpirá en el caso de que sea necesario solicitar aclaraciones o informes para la resolución de la discrepancia.

Cuando las resoluciones y acuerdos adoptados por la Entidad Local sean contrarios al sentido del informe del órgano interventor o al del órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera, se incluirán en los informes referidos en los apartados 6 y 7 de este artículo.(...).”

**Advirto por escrito** que deberá constar documentalmente acreditado no expediente o cumplimiento de lo dispuesto en la cláusula 19.1 dos PCA : “(...)Con carácter previo al inicio de la ejecución de la prestación, el responsable del contrato comprobará que constan en el los seguros que resulten obligatorios para la celebración del evento, de conformidad con la cláusula 23, y toda aquella documentación a que se



refieren las prescripciones técnicas así como las condiciones especiales de ejecución de la cláusula 20 de este pliego". Tal extremo será obxecto de comprobación por esta intervención na fase contable de recoñecemento de obrigas.

(...)"

Visto o informe emitido pola coordinadora de servizos sociais de data 21 de abril de 2026 (CVD: gWRb+gYsjVnc7cc6w3Lh) que transcrito di:

*"A nosa ref: 5 servizos sociais AMB.*

*Asunto: Levantamento Reparos con efectos suspensivos en relación á organización e execución da "XVII Xuntanza do Maior".*

*Expdte TEdC: 2025/C004/000014*

*Visto o informe de fiscalización desfavorable previa da adxudicación (Fase D) do expediente de organización e execución da "XVII Xuntanza do Maior" con referencia SMH XUNTANZA DO MAIOR 2026-D/2026, de data 20 de abril de 2026 (CVD: HT0dXpFJEpuo99Cq0/Sw), se informa que:*

*Previamente á contestación do informe de intervención, se quere facer constar do escaso tempo hábil de que se dispón para examinar o expediente, motivado pola escasez de persoal no servizo (sen as 2 auxiliares – polo tanto porta de entrada baleira-, unha traballadora social e un educador social), pola necesidade de estar a atender a porta de entrada en distintos momentos ao longo da miña xornada laboral, a urxencia doutros asuntos así como os que polo tipo de traballo que hai nun departamento como é servizos sociais e as súas distintas casuísticas van xurdindo, entre outras a inminente regularización extraordinaria dos inmigrantes residentes no municipio de Cambre e a tarxeta monedero e polo tanto a consecvente e excesiva carga de traballo que soporta a data deste informe os servizos sociais comunitarios do Concello de Cambre, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas e extensas, polo que ao presente emítese coas cautelas que se derivan deste feito.*

**Primeiro:** (art. 29.1 LCSP) *Con respecto a que o prazo de execución segue a resultar confuso para os licitadores en canto a que a data do evento é o 26 de abril de 2026 e as carpas se montan con anterioridade a data da celebración, dicir que o montaxe e desmontaxe das carpas se trata dun servizo complementario a o evento e as tarefas de montaxe e desmontaxe é práctica habitual na contratación deste tipo de servizos facéndoas con antelación á data do evento e o desmontaxe se realice a posterioridade, para garantir a dispoñibilidade do espazo.*

*O venres anterior ao 26 de abril correspóndese co día 24 de abril, e "o día seguinte" ao evento refírese ao luns 27 abril.*

**Segundo:** (art. 102.3 LCSP), *atendendo á observación formulada con respecto á precisión do menú, aclarar que na redacción da Cláusula 2ª 1.2 do PPT, o termo "como mínimo" refírese a composición básica esixible, sen prexuízo de que se detalla un menú tipo para garantir a homexeneidade das ofertas e permitir o cálculo do prezo.*

*De cara a futuros eventos terase en conta quitar o termo "como mínimo" para non xerar confusión.*



**Terceiro:** En canto a fixar un número mínimo de menús , é porque consultado co sector, se constata que para eventos de restauración existen costes mínimos e fixos ineludibles: desprazamentos de cociñas móbiles, contratación do persoal de cociña, que as empresas non asumen sin un mínimo garantizado.

Non establecer un mínimo implicaría en un tanto por cento moi alto quedar a licitación deserta por falta de licitadores, frustrando o interese público do evento.

**Cuarto:** Respecto a que non consta unha xustificación axeitada do obxecto accesorio deste contrato, por canto non se concretan os motivos polos que a política de fomento do emprego de persoas con especiais dificultades de acceso ao mercado laboral, coa promoción do reciclado de produtos e salvagarda dos convenios colectivos aplicables aos que se refire a Cláusula Primeira do PPT inciden na prestación principal.

Como departamento de Servizos Sociais Comunitarios, traballamos con colectivos de especial vulnerabilidade entre os que se atopan os enunciados na Cláusula Cuarta de condicións especiais de execución de carácter social e que dí literalmente:

“En el presente contrato, con respecto al Lote número 1, se establecen como condiciones especiales de ejecución las que se indican a continuación, por estar relacionadas con el objeto del contrato y con la finalidad de conseguir la mejor relación calidad-precio del servicio a contratar:

A.- La entidad adjudicataria está obligada a emplear en la plantilla que ejecutará el contrato, por lo menos, a 1 persona con especiales dificultades de acceso al mercado de trabajo definidos por el Servicio Público de Empleo de la Comunidad Autónoma de Galicia. Esto es aplicable en el servicio de catering.

En general, se consideran personas con especiales dificultades de acceso al mercado laboral:

- Mujeres, especialmente aquellas que tengas la condición de víctimas de violencia de género, de acuerdo con lo dispuesto en el art. 3 del Real Decreto 1917/2008 de 21 de noviembre.
- Personas desempleadas de larga duración.
- Menores de 30 años.
- Personas emigrantes retornadas.
- Personas con discapacidad igual o superior al 33 %.
- Personas en riesgo de exclusión social, entendiéndose como tales aquellas en las que concurre alguno de los factores o situaciones enumeradas en el art. 2 del Decreto 156/2007 de 19 de julio, siempre que tal situación se certifique por los servicios sociales públicos correspondientes.
- Personas que agotaron las prestaciones o subsidios por desempleo.
- Personas mayores de 55 años.
- Personas que carezcan de cualificación profesional.

Las Administraciones Públicas tienen un papel relevante en mejorar las oportunidades en el empleo público de las personas con especiales dificultades para acceder al mercado laboral, y más concretamente los servicios sociales comunitarios básicos. El objetivo central del trabajo es constatar la importancia de apostar efectivamente por administraciones públicas más diversas, inclusivas e igualitarias, como es este ayuntamiento.

El creciente reconocimiento de la diversidad, da lugar a que desde las administraciones públicas, tengamos una mayor responsabilidad a la hora de garantizar la igualdad efectiva de oportunidades en el acceso al empleo del sector público de los colectivos con más dificultades.”



O obxecto e promover a inserción laboral destes colectivos, e que teñen moitas dificultades para acceder ao emprego.

O artigo 202 LCSP establece que:

“las consideraciones de tipo social o relativas al empleo, podrán introducirse, entre otras, con alguna de las siguientes finalidades: hacer efectivos los derechos reconocidos en la Convención de las Naciones Unidas sobre los derechos de las personas con discapacidad; contratar un número de personas con discapacidad superior al que exige la legislación nacional; **promover el empleo de personas con especiales dificultades de inserción en el mercado laboral, en particular de las personas con discapacidad o en situación o riesgo de exclusión social** a través de Empresas de Inserción; eliminar las desigualdades entre el hombre y la mujer en dicho mercado, favoreciendo la aplicación de medidas que fomenten la igualdad entre mujeres y hombres en el trabajo; favorecer la mayor participación de la mujer en el mercado laboral y la conciliación del trabajo y la vida familiar; **combatir el paro, en particular el juvenil, el que afecta a las mujeres y el de larga duración**; favorecer la formación en el lugar de trabajo; garantizar la seguridad y la protección de la salud en el lugar de trabajo **y el cumplimiento de los convenios colectivos sectoriales y territoriales aplicables; medidas para prevenir la siniestralidad laboral...**”

A integración de políticas sociais e medioambientais na contratación pública como instrumento é algo esencial. Se tratan de cláusulas vinculadas ao obxecto da contratación pero que non son estrictamente necesarias para a súa realización, xa que obedecen a un obxectivo social (emprego dunha persoa con especiais dificultades para a inserción sociolaboral) e medioambiental (reciclado, envasado).

A maior abundamento, o emprego de recipientes reutilizables, a recuperación ou reutilización de envases ou embalaxes e a recollida de desfeitos e reciclado dos mesmos, son consideracións medioambientais que forman parte das condicións de execución do contrato.

**Quinto:** Con respecto a que non se explicita o proceso de cálculo do importe unitario que se asigna a cada un deles, dicir que segundo a Cláusula sexta, no presuposto do contrato, se di:

#### **“CLÁUSULA SEXTA.- PRESUPUESTO DEL CONTRATO.**

De conformidad con lo establecido en el art. 100.2 de la Ley 9/2017 de contratos del sector público, el sistema de determinación del precio es el siguiente:

### **LOTE NÚMERO 1: ORGANIZACIÓN DEL SERVICIO DE CATERING Y EL BAILE**

#### **SERVICIO DE CATERING**

Recursos materiales que implican gasto económico y que son los siguientes:

| Concepto                 | Unidades | Importe | Subtotal Material  | Beneficio Industrial (6%) | Gastos Generales (10%) | Subtotal           | Importe IVA %        | Importe Total con IVA |
|--------------------------|----------|---------|--------------------|---------------------------|------------------------|--------------------|----------------------|-----------------------|
| Menús                    | 750      | 16,68 € | 12.510,00 €        | 750,60 €                  | 1.251,00 €             | 14.511,60 €        | (10 %)<br>1.451,16 € | 15.962,76 €           |
| Detalles para asistentes | 750      | 1,10 €  | 825,00 €           | 49,50 €                   | 82,50 €                | 957,00 €           | (21 %)<br>200,97 €   | 1.157,97 €            |
| <b>TOTAL</b>             |          |         | <b>13.335,00 €</b> | <b>800,10 €</b>           | <b>1.333,50 €</b>      | <b>15.468,60 €</b> | <b>1.652,13 €</b>    | <b>17.120,73 €</b>    |

El desglose del importe resultante del precio por menú es el siguiente:

| CONCEPTO                                       | UNID. | PREZO          |
|--|-------|----------------|
| Ración pan (bollos)                            | 750   | 0,60 €         |
| Ud. Callos con garabanzos                      | 750   | 3,26 €         |
| Ud. Carne asada t./patacas e guarnición        | 750   | 6,48 €         |
| Ud. Porción Larpeira e queso país com membrelo | 750   | 1,70 €         |
| Ud. Café e chupito                             | 750   | 1,41 €         |
| Mantelería e menaje completo                   | 750   | 0,75 €         |
| Ud. bebidas                                    | 750   | 1,5 €          |
| Gastos elaboración                             | 1     | 0,98 €         |
| <b>TOTAL</b>                                   |       | <b>16,68 €</b> |

#### Recursos humanos.

Costes de los salarios de 13 camareros/as, 2 cocineros/as, 5 ayudantes de cocina y 3 montadores con una jornada laboral festiva (domingo) de un día de 8 horas para la infraestructura del evento, según Convenio colectivo del sector de hostelería de la provincia de A Coruña (BOP núm. 135 de 18 de julio de 2017) y la Resolución de inscripción y publicación del acuerdo de ampliación del Convenio (BOP núm. 39 de 25 de febrero de 2022), teniendo en cuenta la subida del IPC:

| Concepto             | Unid. Pers. | Horas totales | Importe 13,36 € /hora | Seg. Social | IPC Acum. (6,8%) | Subtotal /persona | Subtotal Personal | Gastos Generales (10%) | Beneficio Industrial (6%) | Subtotal          | IVA 10%         | Total Personal    |
|----------------------|-------------|---------------|-----------------------|-------------|------------------|-------------------|-------------------|------------------------|---------------------------|-------------------|-----------------|-------------------|
| Salario camareros/a  | 13          | 8             | 106,88 €              | 55,65 €     | 11,05 €          | 173,58 €          | 2.256,54 €        | 225,65 €               | 135,39 €                  | 2.617,58 €        | 261,75€         | 2.879,33 €        |
| Salario cocineros/as | 7           | 8             | 106,88 €              | 55,65 €     | 11,05 €          | 173,58 €          | 1.215,06€         | 121,50 €               | 72,90 €                   | 1.409,46 €        | 140,94€         | 1.550,40 €        |
| Salario montadores   | 3           | 8             | 106,88 €              | 55,65 €     | 11,05 €          | 173,58 €          | 520,74 €          | 52,07 €                | 31,24 €                   | 604,05 €          | 60,40€          | 664,45 €          |
| <b>TOTAL</b>         | <b>23</b>   |               |                       |             |                  |                   | <b>3.992,34 €</b> | <b>399,22 €</b>        | <b>239,53 €</b>           | <b>4.631,09 €</b> | <b>463,10 €</b> | <b>5.094,19 €</b> |

Por tanto, el **coste total del servicio de catering** es el siguiente:

| Concepto                 | Subtotal Material  | Beneficio Industrial (6%) | Gastos Generales (10%) | Subtotal           | Importe IVA %     | Importe Total con IVA |
|--------------------------|--------------------|---------------------------|------------------------|--------------------|-------------------|-----------------------|
| Menús                    | 12.510,00 €        | 750,60 €                  | 1.251,00 €             | 14.511,60 €        | (10 %) 1.451,16 € | 15.962,76 €           |
| Detalles para asistentes | 825,00 €           | 49,50 €                   | 82,50 €                | 957,00 €           | (21 %) 200,97 €   | 1.157,97 €            |
| Personal                 | 3.992,34 €         | 239,53 €                  | 399,22 €               | 4.631,09 €         | (10%) 463,10 €    | 5.094,19 €            |
| <b>TOTAL</b>             | <b>17.327,34 €</b> | <b>1.039,63 €</b>         | <b>1.732,72 €</b>      | <b>20.099,69 €</b> | <b>2.115,23 €</b> | <b>22.214,92 €</b>    |

### SERVICIO DE INSTALACIÓN Y ACONDICIONAMIENTO DE CARPAS.

Alquiler de carpas, materiales que implican gasto económico:

| Concepto                     | Unidades | Importe    | Subtotal Material | Beneficio Industrial (6%) | Gastos Generales (10%) | Subtotal   | Importe IVA %  | Importe Total con IVA |
|------------------------------|----------|------------|-------------------|---------------------------|------------------------|------------|----------------|-----------------------|
| Alquiler y montaje de carpas | 2        | 2.270,00 € | 2.270,00 €        | 136,20 €                  | 227,00 €               | 2.633,20 € | (21%) 552,97 € | 3.186,17 €            |

|              |          |                  |                  |                 |                 |                   |                           |                   |
|--------------|----------|------------------|------------------|-----------------|-----------------|-------------------|---------------------------|-------------------|
| <b>TOTAL</b> | <b>2</b> | <b>2.270,00€</b> | <b>2.270,00€</b> | <b>136,20 €</b> | <b>227,00 €</b> | <b>2.633,20 €</b> | <b>(21%)<br/>552,97 €</b> | <b>3.186,17 €</b> |
|--------------|----------|------------------|------------------|-----------------|-----------------|-------------------|---------------------------|-------------------|

### SERVICIO DE GENERADORES DE BOMBAS DE CALOR.

Alquiler de 4 bombas de calor, materiales que implican gasto económico:

| Concepto                                | Unidades | Importe      | Subtotal<br>Material | Beneficio<br>Industrial<br>(6%) | Gastos<br>Generales<br>(10%) | Subtotal          | Importe<br>IVA<br>%       | Importe<br>Total<br>con IVA |
|---|----------|--------------|----------------------|---------------------------------|------------------------------|-------------------|---------------------------|-----------------------------|
| Alquiler y distribución bombas de calor | 4        | 992 €        | 992 €                | 59,52 €                         | 99,20 €                      | 1.150,72 €        | (21%)<br>241,65 €         | 1.392,37 €                  |
| <b>TOTAL</b>                            | <b>4</b> | <b>992 €</b> | <b>992 €</b>         | <b>59,52 €</b>                  | <b>99,20 €</b>               | <b>1.150,72 €</b> | <b>(21%)<br/>241,65 €</b> | <b>1.392,37 €</b>           |

### SERVICIO PARA LA ORGANIZACIÓN Y REALIZACIÓN DE LA ACTUACIÓN DE UNA ORQUESTA.

| Concepto                   | Unidades | Importe    | Beneficio<br>Industrial<br>(6%) | Gastos<br>Generales<br>(10%) | Subtotal   | Importe IVA<br>21% | Importe Total<br>con IVA |
|----------------------------|----------|------------|---------------------------------|------------------------------|------------|--------------------|--------------------------|
| Actuación musical Orquesta | 1        | 7.500,00 € | 450,00 €                        | 750,00 €                     | 8.700,00 € | 1.827,00 €         | 10.527,00 €              |

La determinación del coste de este servicio está basado en el estudio de adjudicaciones de análogas prestaciones, asegurando así que el precio sea adecuado para el efectivo cumplimiento del contrato mediante la correcta estimación de su importe, atendiendo al precio general de mercado, en el momento de fijar el presupuesto de licitación.

Por lo tanto, el importe total correspondiente al Lote número 1 para la organización y ejecución de la "XVII Xuntanza do Maior" es de:

| ORGANIZACIÓN Y EJECUCIÓN "XVII XUNTANZA" | SUBTOTAL         | BENEFICIO INDUSTRIAL (6%) | GASTOS GENERALES (10%) | BASE               | IVA (10% - 21%)   | TOTAL              |
|--|------------------|---------------------------|------------------------|--------------------|-------------------|--------------------|
| CATERING                                 | 17.327,34 €      | 1.039,63 €                | 1.732,72 €             | 20.099,69 €        | 2.115,23 €        | 22.214,92 €        |
| CARPAS                                   | 2.270,00 €       | 136,20 €                  | 227,00 €               | 2.633,20 €         | 552,97 €          | 3.186,17 €         |
| ORQUESTA                                 | 7.500,00 €       | 450,00 €                  | 750,00 €               | 8.700,00 €         | 1.827,00 €        | 10.527,00 €        |
| BOMBAS DE CALOR                          | 992,00 €         | 59,52 €                   | 99,20 €                | 1.150,72 €         | 241,65 €          | 1.392,37 €         |
| <b>TOTAL IMPORTE LOTE NÚM.1</b>          | <b>28.089,34</b> | <b>1.685,35 €</b>         | <b>2.808,92 €</b>      | <b>32.583,61 €</b> | <b>4.736,85 €</b> | <b>37.320,46 €</b> |

## **LOTE NÚMERO 2: SERVICIO DE TRANSPORTE**

Recursos materiales y humanos que implican gasto económico y que son los siguientes:

| LOTE NÚM. 2                     | Unidades | Importe Por unidad | Importe subtotal | Beneficio Industrial (6%) | Gastos Generales (10%) | Subtotal          | Importe IVA %          | Importe Total con IVA |
|---------------------------------|----------|--------------------|------------------|---------------------------|------------------------|-------------------|------------------------|-----------------------|
| Autobuses con conductor         | 3        | 429 €              | 1.287 €          | 77,22 €                   | 128,70 €               | 1.492,92 €        | (10 %) 149,29 €        | 1.642,21 €            |
| <b>TOTAL IMPORTE LOTE NÚM.2</b> |          |                    | <b>1.287 €</b>   | <b>77,22 €</b>            | <b>128,70 €</b>        | <b>1.492,92 €</b> | <b>(10 %) 149,29 €</b> | <b>1.642,21 €</b>     |

Por lo tanto, el presupuesto base de licitación para la organización y ejecución de la "XVII Xuntanza do Maior" es de:

| LOTES                               | SUBTOTAL           | BENEFICIO INDUSTRIAL (6%) | GASTOS GENERALES (10%) | BASE               | IVA (10% - 21%)   | TOTAL              |
|-------------------------------------|--------------------|---------------------------|------------------------|--------------------|-------------------|--------------------|
| LOTE NÚM.1                          | 28.089,34 €        | 1.685,35 €                | 2.808,92 €             | 32.583,61 €        | 4.736,85 €        | 37.320,46 €        |
| LOTE NÚM.2                          | 1.287 €            | 77,22 €                   | 128,70 €               | 1.492,92 €         | (10 %) 149,29 €   | 1.642,21 €         |
| <b>TOTAL IMPORTE LOTES NÚM.1 +2</b> | <b>29.376,34 €</b> | <b>1.762,57 €</b>         | <b>2.937,62 €</b>      | <b>34.076,53 €</b> | <b>4.886,14 €</b> | <b>38.962,67 €</b> |

Por todo lo expuesto y dado que este contrato se formula **en términos de precios unitarios**, el precio del servicio por comensal queda establecido en **58,11 €** con el siguiente desglose:

| PRECIO POR COMENSAL         | BASE           | IVA (10% - 21%) | TOTAL          |
|-----------------------------|----------------|-----------------|----------------|
| LOTE NÚM.1: CATERING        | 26,80*         | 2,82            | 29,62          |
| LOTE NÚM.1: CARPAS          | 3,51           | 0,74            | 4,25           |
| LOTE NÚM.1: ORQUESTA        | 11,60          | 2,44            | 14,04          |
| LOTE NÚM.1: BOMBAS DE CALOR | 1,53           | 0,32            | 1,85           |
| LOTE NÚM.2: TRANSPORTE      | 9,04 €         | 0,90 €          | 9,94           |
| <b>TOTAL</b>                | <b>52,48 €</b> | <b>7,22 €</b>   | <b>59,70 €</b> |

\*1,28€ corresponde aos detalles e 25,52€ aos menús e o persoal"

Polo tanto, tanto o prezo do menú como do persoal está desglosado



**Sexto:** *Criterios de adjudicación.*

*Co o obxecto de que as posibles empresas licitadoras poidan concurrir de xeito obxectivo, empregáronse criterios de adjudicación, avaliados de forma automática, en base á mellor oferta relación calidade – prezo, con arreglo a criterios económicos e cualitativos de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP e tendo en conta, que trátase dun contrato de servizos incluído no Anexo IV da Lei.*

*Están vinculados ao contrato, son obxectivos, respetan os principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade e garanten a posibilidade de que as ofertas que se presenten sexan avaliadas en condicións de igualdade.*

*Os criterios que figuran no Prego de Prescricións Técnicas proporcionan aos empresarios o acceso en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e non teñen por efecto a creación de obstáculos inxustificables á apertura da contratación pública á competencia (art. 126 LCSP), respetando os principios de oportunidade, concurrencia, transparencia e publicidade*

*Cumpren polo tanto cos seguintes termos:*

- *Están vinculados ao obxecto do contrato.*
- *Están formulados de xeito obxectivo respetando os principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade.*
- *Garanten unha competencia efectiva e ben especificados.*

**Sétimo:** *Con respecto ao cálculo da oferta temeraria, no que deberase terse en conta a oferta no seu conxunto, incluíndo os criterios cualitativos, a xuízo da funcionaria informante estes criterios: sustentabilidade e capacidade dos envases, calidade do menaxe e cubertería, se valoran en termos de obter unha maior calidade na prestación do servizo de xeito que, aínda que cando a puntuación obtida sea mínima en estes apartados (0 puntos), a oferta segue sendo viable aínda non sendo a mellor en canto a calidade.*

*A xuízo da funcionaria informante, respecto aos criterios de sustentabilidade ambiental, dicir que este criterio afecta ao medio ambiente e tamén ao obxecto do contrato, porque ao meu entender e en base a experiencia neste tipo de eventos, sí repercute no obxecto do contrato, é dicir, na calidade do produto alimentario que se vai consumir, xa que o tipo de envase que se empregue e o tipo de transporte (furgonetas frigoríficas) vai incidir directamente na calidade dos produtos alimenticios que se empregan xa que os cambios de temperatura e o tempo transcorrido afecta na perda ou non, das propiedades nutricionais ou incluso que poida supoñer un problema para a saúde dos comensais.*

*En canto ao envase empregado tamén inflúe directamente coa calidade dos alimentos: Calquera tipo de envase, ya sexa unha lata, un frasco de cristal, ou un envase de cartón, contribúe a protexer os alimentos da contaminación por microorganismos, insectos e outros axentes contaminantes.*

*Asimesmo, o envase preserva a forma e a textura do alimento que contén, evita que perda sabor ou aroma, prolonga o tempo de almacenamento e regula o contido de auga ou humidade do alimento. Nalgúns casos, o material seleccionado para o envase pode afectar á calidade nutricional do produto.*



*A verificación destes termos é fácilmente comprobable, xa que no momento de chegar parte dos alimentos que forman parte do menú, se verifica directamente pola responsable do contrato que está, presencialmente dende primeira hora, incluso antes de que chegue a empresa adxudicataria, e permanece ata que termina o evento e se recolle todo o pavillón, responsabilizándose de que as instalacións queden como as atopa a empresa.*

*Por iso, o carácter anormal das baixas apreciarase de conformidade co establecido no artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Ao que se informa para os efectos oportunos.”*

*(...)”*

Vista a resolución de Alcaldía nº 309/2026, de 22 de abril na que se levanta o reparo suspensivo e se dispón que continúe o procedemento para adxudicación do Lote 1 do expediente de contratación do servizo de Organización e realización da “XVII Xuntanza do Maior” a celebrar no concello de Cambre, 2026. (Exp: 2025/C004/000014).

Visto canto antecede e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación admitindo nela no Lote 1 a entidade mercantil “**CASA TABOADA RESTARUANTE & CATERING, S.L.**” con CIF B70413497.

**Segundo:** De conformidade coa valoración otorgada polo órgano de asistencia de data 13 de marzo de 2026 no presente expediente, aprobar a seguinte valoración da proposición presentada polo licitador admitido no procedemento:

#### **CASA TABOADA RESTARUANTE & CATERING, S.L.**

- *Precio: 49 puntos.*

- *Criterios cualitativos: 51 puntos*

- d) *Criterios cualitativos de sostenibilidade ambiental: 12,5 puntos.*
- e) *Capacidade de los envases utilizados: 12,5 puntos.*
- f) *Criterio de calidad, cubertería y menaje: 26 puntos.*



**Terceiro.-** Adxudicar o Lote 1 “Organización do servizo de catering e baile” a **CASA TABOADA RESTARUANTE & CATERING, S.L.** polo prezo de 30.616,84 sen IVE, 35.088,37 € (IVE incluído) incluíndo as seguintes melloras:

- *En el envasado de la comida, se utilizarán los siguientes materiales:*

*X Envase exclusivo y reutilizable*

- *Capacidad de los envases utilizados (para reducir número):*

*X Envase de 2 - 5 kg o superior.*

- *Cubertería y menaje que se utilizará:*

*X Platos, cubertería y vasos no desechables (cerámica, loza, metal, cristal,...)*

**Cuarto:** Declarar deserto o Lote 2: “Servizo de transporte para o traslado das persoas participantes”, por falta de licitadores.

**Quinto.-** Designar como responsable do contrato á coordinadora de servizos sociais, Ana M<sup>a</sup> Monje Barcia, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da LCSP, ao que lle corresponderá o labor de supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación prestada.

**Sexto.-** Tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, entenderase formalizado o contrato mediante a firma de aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado.

**Sétimo.-** Notificar este acordo ao licitador presentado e publicar este acordo de adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondeestado.es>).

**Oitavo.-** Dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEdC, ao responsable do contrato e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante a sección do Contencioso Administrativo do Tribunal da instancia da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da



Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 22 de abril de 2026 (CVD: NwhL5ZoS0qaiUFUGHzxB), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo